

**BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A EMPRESAS PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA COMPOSTELA  
MÓVESE 2020 COVID19. PARA AUTÓNOMOS/AS E MICROPEMES DE MENOS DE ONCE TRABALLADORES/AS  
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**ANUALIDADE 2020**

**1º Obxecto**

O obxecto destas bases é regular a concesión de axudas para a reactivación económica das microempresas de Santiago de Compostela tras a situación provocada pola crise do COVID-19 correspondentes á anualidade 2020.

Os obxectivos específicos desta convocatoria de axudas son:

- minimizar o impacto da crise económica derivada da COVID-19
- achegar recursos para atender as necesidades de liquidez das microempresas.
- facilitar a súa recuperación económica
- contribuír ao mantemento da actividade económica e á protección do emprego

Estas axudas teñen carácter finalista polo que non poderán ser empregadas para outros fins.

**2º Persoas beneficiarias**

Poderán resultar beneficiarias as persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou sociedades civís, legalmente constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

- A súa actividade principal estea incluída nalguna das agrupacións ou epígrafes correspondentes á clasificación do imposto de actividades económicas **a excepción do comercio polo miúdo** (epígrafes recollidos no anexo I, e que ten unha convocatoria de axudas propia xestionada polo Departamento de Comercio do Concello de Santiago de Compostela).
- Que a sede social, fiscal, e de actividade se atope no Concello de Santiago de Compostela.
- Ser unha microempresa, e ter menos de 11 traballadores no momento inmediatamente anterior á declaración do estado de alarma (RD 463/2020 do 14 de marzo de 2020).
- Ser unha empresa afectada pola crise do COVID-19, e que se encontren en algunha das seguintes circunstancias:

Establecemento obrigado a pechar en virtude do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Establecemento afectado por unha baixa na súa facturación superior ó 75%. No mes anterior ó que se solicita a prestación por cese de actividade, a facturación se vexa reducida, polo menos, nun 75% en relación co promedio de facturación do semestre anterior.

Microempresas que formularan un ERTE como consecuencia do COVID-19.

.Os requisitos deben cumprirse no momento da publicación desta convocatoria no BOP.

### **3º Gastos subvencionables**

Consideraranse subvencionables os gastos que seguen:

- Xuros dos préstamos (De entidades de crédito, entidades financeiras de crédito, entidades de diñeiro electrónico, ou entidades de pagos rexistradas e supervisadas polo Banco de España) concertados con posterioridade ao 14 de marzo de 2020 e efectivamente pagados desde o 14 de marzo de 2020 ata o 2 de novembro de 2020.
- Liquidacións das pólizas de crédito devindicadas e efectivamente pagadas entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 2 de novembro de 2020.

### **4º Procedemento de concesión**

Establécese un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, de acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A concesión da axuda realízase por orde de entrada da solicitude no rexistro, logo de comprobar que a persoa solicitante cumpre os requisitos establecidos e ata o esgotamento do crédito orzamentario.

### **5º Contía da subvención**

O importe da subvención será o 75% do orzamento de gastos co límite de 1.000 euros por persoa beneficiaria.

En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total do obxecto subvencionable.

### **6º Solicitudes e documentación**

1. As solicitudes, segundo o modelo do **anexo II**, dirixiranse á Alcaldía do Concello de Santiago de Compostela e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (rúa do Presidente Salvador Allende, 4), ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, que estean habilitados.

2. A presentación da solicitude supón aceptar as bases reguladoras desta convocatoria.

3. Se a solicitude se presenta a través dun medio distinto do Rexistro Xeral do Concello de Santiago, dentro do mesmo prazo límite, enviarase unha copia, xunto co resguardo, selo de entrada ou acreditación de que foi presentada que corresponda, ao enderezo de correo electrónico: [cersia@santiagodecompostela.gal](mailto:cersia@santiagodecompostela.gal)

### **7º Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles que se contarán desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP.

### **8º Instrución do procedemento**

Recibidas as solicitudes, o departamento de Promoción Económica levará a cabo a instrución do procedemento e realizará de oficio cantas actuacións consideren necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos que se deba formular a proposta de resolución.

### **9º Corrección de solicitudes. Publicación de listaxes provisionais de persoas beneficiarias**

Unha vez recibidas e analizadas as solicitudes presentadas, na web do Departamento de Promoción Económica <http://www.cersiaempresa.gal/> publicaranse as seguintes listaxes:

- Listaxe A). Listaxe de persoas propostas como beneficiarias.

Deberán presentar, no prazo de dez días hábiles e polos mesmos medios indicados na base 6ª, os documentos en formato orixinal ou copia compulsada que se indican a seguir xunto co modelo do **anexo III**. De non o facer, entenderase que desisten do seu pedimento e dítarase unha resolución neste sentido nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

- Alta no réxime de autónomos das persoas promotoras.
- Escritura de constitución da sociedade mercantil, se é o caso.
- Escritura/contrato de constitución das entidades sen personalidade xurídica propia.
- Alta no IAE ou, se é o caso, declaración de alta no censo de obrigados tributarios.
- NIF/CIF da persoa física ou xurídica, ou entidade sen personalidade xurídica propia. Se se trata dunha persoa xurídica, ou sociedade civil, comunidade de bens, ou entidades sen personalidade xurídica propia, achegarase tamén o documento de identidade da persoa que posúe a representación da sociedade e o documento que acredite esta representación.
- Documentación acreditativa do número de persoas empregadas na empresa (RNT e RLC) do mes de febreiro de este ano, e do mes anterior á presentación da solicitude ou, se é o caso, certificación da Seguridade Social de que non existen persoas empregadas.

- No caso de autónomos que houberan solicitado a prestación por cese de actividade por estar obrigadas a pechar, ou como consecuencia da redución da súa facturación nun 75%, deberán presentar a comunicación de concesión ou, no seu defecto, a solicitude de prestación.
- No caso de microempresas que houberan presentado un Expediente de Regulación Temporal de Emprego, a correspondente documentación/solicitude.
- Contrato/s de préstamo e/ou póliza/s de crédito.

As persoas incluídas na listaxe de posibles beneficiarias cuxas solicitudes presenten defectos deberán emendar o que se indique dentro dos mesmos dez días de prazo para presentar a documentación anterior, que, así mesmo, deben achegar. De non o facer, entenderase desisten do seu pedimento e ditarase unha resolución neste sentido nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

- Listaxe B). Listaxe de agarda.

Para o caso de se presentaren máis solicitudes das que poden ser atendidas coa dotación prevista, unha vez ordenadas segundo o criterio temporal de entrada en rexistro, formarán esta listaxe aquelas persoas susceptibles de seren propostas coma beneficiarias se se producen baixas na listaxe A). De se producir esta circunstancia seralles notificada individualmente.

- Listaxe C). Listaxe de solicitudes rexeitadas por non cumpriren os requisitos da convocatoria para os efectos de que, se así o consideran, poidan formular alegacións no prazo de dez días hábiles.

### 10º Resolución do órgano competente

O resultado da instrución do procedemento xunto coa relación de persoas beneficiarias e aquelas cuxa solicitude se rexeita, e os motivos que concorran, elevarase á Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago que é o órgano competente para resolvelo.

A solicitude que, á vista da documentación presentada con posterioridade, resulte ser falsa ou inexacta será rexeitada por incumprir os requisitos da convocatoria.

O procedemento resolverase e notificarase no prazo máximo de tres meses a partir do remate do prazo de solicitude. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución expresa, a solicitude estenderase rexeitada por silencio administrativo.

### 11º Xustificación

1. A data límite de xustificación será o 2 de novembro de 2020.
2. A xustificación do gasto realizado, segundo o **modelo do anexo IV**, dirixirase á Alcaldía do Concello de Santiago de Compostela e presentarase polos mesmos medios indicados na base 6ª.
3. O modelo de xustificación (anexo IV) deberá ir acompañado da seguinte documentación en orixinal ou fotocopia compulsada.

- Certificado bancario de titularidade de conta.
- Relación dos xuros e liquidacións aboadas, desagregada por mensualidades e tipo de operación de crédito, acompañada dos xustificantes de pagamento (con selo do banco orixinal).

4. O importe xustificado deberá alcanzar cando menos o importe da subvención concedida.

Se existen outras subvencións para o mesmo proxecto, o importe que cómpre xustificar será a suma de todas elas.

### **12º Recursos**

As resolucións que se ditan neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditara a resolución impugnada, consonte o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **13º Obrigas das persoas beneficiarias**

- Colaborar na realización de visitas de seguimento e control e facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención do Concello, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, así como por calquera outra institución nacional ou comunitaria que interveña no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

- Comunicar ao órgano concedente, en canto se coñeza, calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

- Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Estas medidas deberán adecuarse ao obxecto subvencionado e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas, material impreso, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

- Reintegrar os fondos percibidos nos supostos legalmente establecidos.

- As restantes obrigas establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003 xeral de subvencións.

### **14 º Incompatibilidades**

Esta axuda quedará suxeita ao réxime de axudas *de minimis*, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos (200.000 euros nun período de tres anos, agás para o sector do transporte por estrada que é

de 100.000 euros) establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE nº L379/5, do 28 de decembro).

Será compatible con outras subvencións ou axudas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, co límite establecido na base 5ª.

### **15º Reintegro**

Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora que cumbran, nos casos e nos termos previstos no título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e da Lei 38/2003 xeral de subvencións e normativa de desenvolvemento.

### **16º Modificación da resolución de concesión**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución e eventualmente á súa revogación.

### **17º Entrada en vigor e vixencia**

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

### **18º Financiamento**

1. A concesión das axudas previstas nesta convocatoria está dotada cun crédito de 100.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 010 43300 4790100.

2. Establécese unha dotación adicional por importe máximo de ata 400.000 euros. A efectividade desta contía adicional queda condicionada á declaración da súa dispoñibilidade previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda, con carácter previo á resolución da concesión da subvención..

3. Así mesmo, resolta esta convocatoria sen esgotarse o crédito establecido nela, poderase acordar a realización dunha segunda convocatoria dentro do exercicio 2020.

**Anexos dispoñibles na páxina web do CERSIA Empresa [www.cersiaempresa.gal](http://www.cersiaempresa.gal) :**

Anexo I. Epígrafes do imposto de actividades económicas **non subvencionables**.


Anexo II. Modelo de solicitude

Anexo III. Modelo para achegar documentación en caso de resultar beneficiaria

Anexo IV. Xustificación de subvención

ANEXO I  
EPÍGRAFES DO IAE EXCLUIDOS

641. Comercio polo miúdo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.
642. Comercio polo miúdo de carnes e miúdos; de produtos derivados cárnicos elaborados: de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados deles.
643. Comercio polo miúdo de peixes e doutros produtos da pesca, da acuicultura e caracois.
644. Comercio polo miúdo de pan, pastelería, confeitaría e similares, e de leite e produtos lácteos.
645. Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas as clases.
- 647.1. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.
- 647.2. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.
- 647.3. Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en superservizos, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas estea comprendida entre 120 e 399 metros cadrados.
651. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.
- 652.2. Comercio polo miúdo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración, e de produtos químicos.
- 652.3. Comercio polo miúdo de produtos de perfumaría e cosmética, e de artigos para hixiene e aseo persoal.
- 652.4. Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbolarios.
653. Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar e a construción.
- 654.2. Comercio polo miúdo de accesorios e pezas de recambio para vehículos terrestres.
- 654.5. Comercio polo miúdo de toda clase de maquinaria, salvo aparellos do fogar, de oficina, médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.
656. Comercio polo miúdo de bens usados tales como mobles, prendas e utensilios ordinarios de uso doméstico.
657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.
- 659.2. Comercio polo miúdo de mobles de oficina e máquinas e equipamentos de oficina.
- 659.3. Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.
- 659.4. Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes.
- 659.5. Comercio polo miúdo de artigos de xoiaría, relojaría, prataría e bixutaría.



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

659.6. Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, roupa deportiva, de vestido, calzado e toucado, armas, cartucharía e artigos de pirotecnia.

659.7. Comercio polo miúdo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.

659.9. Comercio polo miúdo doutros produtos no especificados nesta agrupación, excepto os que deban clasificarse na epígrafe 653.9.

661.3. Comercio polo miúdo en almacéns populares, entendendo por tales aqueles establecementos que ofrecen en seccións múltiples e venden en autoservizo ou en preselección unha variedade relativamente ampla e pouco profunda de bens de consumo, cunha gama de prezos baixa e un servizo reducido.

662.2. Comercio polo miúdo de toda clase de artigos, incluíndo alimentación e bebidas, en establecementos distintos dos especificados no grupo 661 e na epígrafe 662.1.

691.1. Reparación de artigos eléctricos para o fogar

691.9. Reparación doutros bens de consumo N.C.O.P.



ANEXO II MODELO DE SOLICITUDE CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA DAS MICROEMPRESAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA . ANUALIDADE 2020	
<b>1. DATOS DA PERSOA QUE SOLICITA</b>	
DI / NIF	Nome e apelidos / Razón social
Enderezo completo	
Municipio	Código postal
Correo electrónico	
Nome comercial do establecemento	
Epígrafe do IAE	
Nº persoas empregadas (sen contar ás persoas promotoras)	
Orzamento de gastos (importe total de xuros e liquidacións de pólizas)	
<b>2. DATOS PARA NOTIFICACIÓNS</b>	
DI / NIF	Nome e apelidos / Razón social
Enderezo completo	
Municipio	Código postal
Correo electrónico	
<b>3. COMPROMISOS QUE ADQUIRE</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Acepta as bases da convocatoria de subvencións na súa integridade.</li> <li>- Declara, de xeito responsable, que os datos e documentos que achega son certos e auténticos.</li> <li>- Cumpre os requisitos para optar ás axudas previstas nesta convocatoria.</li> </ul>	

- Comprométese a comunicar calquera axuda que obteña de administracións públicas ou doutros entes para o mesmo proxecto.

**4. DECLARACIÓN RESPONSABLE:** (sinale o que corresponda)

**Declaro responsablemente:**

Que os datos e documentos que achego son certos e auténticos.

Que a empresa está ao corrente nos pagamentos á Seguridade Social, á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Xunta de Galicia e ao Concello de Santiago.

Que a empresa non incorre en ningunha das prohibicións para ser beneficia de subvencións públicas, recollidas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Que para o mesmo proxecto, se solicitaron e/ou obtiveron as axudas que se relacionan a seguir:

Axuda	Organismo	Disposición reguladora	Solicitada / concedida	Ano	Importe

Que para este proxecto non se solicitou nin obtivo ningunha axuda doutras administracións públicas competentes ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais.

**5. SOLICITUDE QUE SE FORMULA**

Unha subvención dentro da convocatoria para a reactivación económica de autónomos e micropemes de menos de seis traballadores, anualidade 2020, por unha contía de \_\_\_\_\_ euros (límite máximo 75% do importe total a abonar en concepto de xuros de préstamos e liquidacións de pólizas de crédito).

Santiago de Compostela, ..... de ..... de 2020.

(Asinado pola persoa interesada)

**ALCALDÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.



**ANEXO III**

**MODELO PARA ACHEGAR DOCUMENTACIÓN EN CASO DE RESULTAR BENEFICIARIA**

<b>1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA QUE PRESENTA A DOCUMENTACIÓN</b>	
DI /CIF	Nome e apelidos/Razón social
Enderezo completo	
Municipio	Código postal
Correo electrónico	
<b>2. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA BENEFICIARIA</b>	
Nome comercial do establecemento	
Enderezo completo	
Municipio	Código postal
<b>3. DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA (marque o que corresponda)</b>	
<input type="checkbox"/> Alta no réxime de autónomos das persoas promotoras. <input type="checkbox"/> Escritura de constitución da sociedade mercantil. <input type="checkbox"/> Escritura/contrato de entidades sen personalidade xurídica propia <input type="checkbox"/> Alta no IAE ou no censo de obrigados tributarios. <input type="checkbox"/> Tarxeta de identificación fiscal da empresa <input type="checkbox"/> Documento de identidade da persoa representante <input type="checkbox"/> Poder de representación <input type="checkbox"/> Documentación acreditativa do número de persoas que traballan na empresa (RNT e RLC) ou, se é o caso, certificación da Seguridade Social de que non conta con persoal empregado. Segundo o indicado na base 9ª. <input type="checkbox"/> No caso de autónomos que houberan solicitado a prestación por cese de actividade, ou microempresas que houberan presentado un ERTE, a documentación indicada na base 9ª. <input type="checkbox"/> Contrato/s de préstamo e/ou póliza/s de crédito <input type="checkbox"/> Emenda da solicitude inicial	
<p>Se algunha documentación consta xa en poder do Concello e non desexa presentala, deberá indicar a seguir os documentos de que se trata e identificar o expediente en que constan.</p> <p>Neste caso, enténdese que manifesta expresamente que a documentación non tivo modificacións.</p>	

Documento _____ Expediente _____
Documento _____ Expediente _____

Santiago de Compostela, ..... de ..... de 2020

(Asinado pola persoa interesada)

#### **ALCALDÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

---

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

**ANEXO IV**

**XUSTIFICACIÓN DE AXUDAS PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA DAS MICROEMPRESAS DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA. ANUALIDADE 2020**

DI / NIF	Nome e apelidos
Enderezo completo	
Municipio	Código postal
Correo electrónico	

En nome propio ou en representación da entidade beneficiaria que segue:

Nome
NIF

**CERTIFICO:**

1º. Que o obxecto para o que se concedeu a subvención, cuxos gastos a seguir se detallan, foron realizadas na súa totalidade

Importe que se xustifica en concepto de xuros aboados por préstamos: - - -  Importe que se xustifica en concepto de liquidación de pólizas de crédito: - - -
--

Que se achegan os comprobantes bancarios correspondentes a estes gastos, así como a xustificación do seu pagamento.

2º. Que as subvencións solicitadas ou concedidas por outras entidades para o mesmo fin foron as seguintes:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE
Total	

3º. Que os restantes gastos foron financiados con cargo a \_\_\_\_\_.

4º. Que o importe dos ingresos e subvencións concedidas non supera o importe total dos gastos xerados e todas as achegas se destinaron ao obxecto subvencionado.

5º . Que a empresa está ao corrente nos pagamentos coa Seguridade Social coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Xunta de Galicia e non incorre en ningunha das prohibicións para ser beneficia de subvencións públicas, recollidas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:**

Certificado bancario de titularidade de conta.

Relación dos xuros e liquidacións aboadas

Xustificantes de pagamento (con selo do banco orixinal).

Santiago de Compostela, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura)

**ALCALDÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.